

Instrucción sobre a xestión económica de actividades de I+D

Maio 2003

As actividades de I+D (proxectos de investigación, contratos, informes, reunións científicas, axudas para infraestructuras de investigación, etc) que contan cun financiamento específico procedente do exterior requiren un tratamento singular no que se refire á súa xestión económica debido a diversas causas:

- a) Con frecuencia existe unha partida presupostaria específica para cada actividade, da que é responsable (“director do centro de gasto”) un profesor ou investigador responsable.
- b) Teñen un período de execución determinado, que con frecuencia afecta a varios exercicios orzamentarios, coas anualidades correspondentes
- c) Con frecuencia a súa dotación está distribuída por apartados, que non sempre coinciden cos subconceptos de gasto que utiliza a USC.
- d) Existe, normalmente, a obriga de xustificar a execución dos gastos ante a entidade financiadora.

Todas estas circunstancias recomentan establecer unha serie de pautas e criterios que tendan a simplificar e racionaliza-la xestión económica. Neste sentido déronse xa pasos importantes, entre os que destacamos a creación da **Unidade de Xestión Económica de I+D (UXE)**, na Oficina de Investigación e Tecnoloxía, que se dotou das ferramentas de tratamento da información necesarias para, desde o exercicio 2001, propoñer as dotacións de crédito deste tipo de actividades, emiti-la facturación correspondente, facer un seguimento dos ingresos e, actualmente, certificar a execución económica final das actividades.

Esta Unidade pretende se-lo interlocutor cos Responsables de Asuntos Económicos e investigadores en todo o que se refire ás características de cada tipo de actividade, de acordo coa convocatoria respectiva, contrato, etc. e será a encargada de resolver calquera dúbida que afecte á xestión económica das ditas actividades.

Para que o labor de coordinación da Unidade mencionada co Servicio de Contabilidade e Presupostos e xestión realizada nos centros polos Responsables de Asuntos Económicos (RAE) a través do SICUS sexa realmente efectivas, todas as partes interviñentes no proceso deben coñecer e seguir as pautas que se mencionan a continuación:

1. Autorización de modificacións de crédito

Tódalas modificacións de crédito que afecten a actividades de investigación, propostas polos investigadores responsables, deben ser tramitadas á UXE, onde se procederá a:

1. Propoñer a autorización ou non da modificación, en función da convocatoria, contrato ou orixe e condicións do financiamento.

2. Tomar nota da modificación, cando proceda e remítala ó Servicio de Contabilidade e Presupostos. Este último Servicio non procesará ningunha modificación de crédito deste tipo de actividades que non sexa rexistrada e proposta previamente pola UXE.

2. Utilización dos cargos internos

Débese establecer unha delimitación clara entre cargos internos e modificacións de crédito. Os primeiros nunca se utilizarán para transferir fondos entre partidas. A súa utilización quedará limitada a:

1. Facturación interna cargada por servicios da USC (Imprenta, etc.)
2. Facturación interna por gastos compartidos entre dúas ou máis partidas (exemplo: dous proxectos asumen o 50% dun pagamento concreto). Nestes casos sempre se debe deixar unha aclaración por escrito e unha copia da factura en ambas operacións.
3. Facturación interna por imputación de custos (exemplo: o Departamento impútalle a un proxecto unha parte do gasto telefónico). Igual que no caso anterior debe quedar xustificación por escrito dos criterios de imputación e copia da factura.

3. Cambio de director de centro de gasto (IP)

Calquera cambio no responsable dunha partida de gasto de actividades de I+D debe ser tramitada á UXE para a súa autorización, coa conformidade de ambos IP. Estes cambios deben respectar sempre os criterios establecidos ou pactados coa fonte de financiamento. A UXE comunicará a aceptación ou denegación do Vicerrector de Investigación.

4. Conciliación con SICUS

No futuro, esperamos que inmediato, poderanse consultar vía web o estado das actividades de I+D por parte dos investigadores responsables e polos RAE (facturación expedida, dotacións de crédito realizadas, ingresos recibidos, gastos autorizados e obrigados). Esta información soamente vai ser de utilidade se os datos de SICUS coinciden exactamente cos da contabilidade oficial (as conciliacións con SIC estanse xa a facer desde hai tempo), pero tamén coa xestión económica das actividades de I+D que fai a UXE. Para iso é imprescindible que:

1. As modificacións presupostarias se anoten co código exacto que lle corresponde, en particular as “incorporacións de remanentes” nunca deben levar outro código que non sexa “IR”
2. As autorizacións de gasto (follas de pedimento e similares) deben anotarse en SICUS inmediatamente despois da súa sinatura.

5. Expedición de certificacións de gasto

O Servicio de Contabilidade e Presupostos comunicou meses atrás que tódalas certificacións de gasto que afecten a actividades de I+D serán elaboradas exclusivamente pola UXE. Existe na páxina web un modelo para solicitálas que contén unhas breves instrucións, entre as que cabe salientar:

1. Como xa se dixo no apartado anterior é absolutamente imprescindible que tódolos gastos que se vaian certificar estean anotados en SICUS, cando menos en fase de autorización-disposición (folla de pedimento ou similar). En ningún caso se certificarán como gasto operacións que non cumpran este requisito
2. Cando a certificación se deba facer no propio impreso da memoria da actividade (parcial ou final) o IP debe cubrir e facer chegar ese impreso á UXE para a súa verificación e sinatura. Neste caso non se expedirá ningunha outra certificación.
3. Cando se elabora unha memoria final e se certifican os gastos, a partida queda bloqueada, non permitíndose en ningún caso anotar novas operacións. Como excepción anotaranse as facturas para as que xa exista crédito autorizado-disposto (follas de pedimento ou similares), pero nunca por importe superior. Esta limitación débese a que o remanente das actividades de I+D que apareza nas certificacións finais hai que reintegralo ó organismo financiador.

A presente instrucción, así como tódalas aclaracións que vaian sendo necesario elaborar sobre a xestión económica de actividades de I+D permanecerán na web da UXE, á que se accede desde a páxina principal da USC coa seguinte ruta:

[USC > Investigación > OIT > Xestión de Actividades > Xestión Económica](#)

Dentro do posible, os RAE facilitarán a difusión destas normas entre os investigadores e os administrativos dos departamentos.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2003,
O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN,

Eduardo García-Rodeja Gayoso

Sres. Xefes das Unidades Administrativas da OIT
Sres. Xefes dos Servicios de Control Interno e Contabilidade e Presupostos
Sres. Responsables de Asuntos Económicos dos Centros de Gasto